| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Educación: Organización do centro escolar** | | | | |
| Materia | Educación: Organización do centro escolar | | | |
| Código | O05G110V01203 | | | |
| Titulacion | Grao en Educación Infantil | | | |
| Descriptores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Didáctica, organización escolar e métodos de investigación | | | |
| Coordinador/a | Cid Sabucedo, Alfonso<br>Pérez Abellás, Adolfo | | | |
| Profesorado | Cid Sabucedo, Alfonso<br>Pérez Abellás, Adolfo | | | |
| Correo-e | apabellas@uvigo.es<br>acid@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia forma parte do módulo 5 Organización do espazo escolar, materiais e habilidades docentes; de carácter básico con 6 créditos ECTS; situada no primeiro curso no segundo cuadrimestre. Pretende proporcionar aos estudantes uns coñecementos científicos e as técnicas necesarias para reflexionar sobre os distintos aspectos e ámbitos da organización escolar para poder reflectilos nunha realidade concreta, é dicir, nun Centro da nosa Comunidade Autónoma. Intenta tanto pola actualidade dos contidos, como polos ámbitos que abrangue, espertar o interese dos estudantes polos aspectos que tradicionalmente non se trataban nos currículos académicos. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil |
| A2 | Capacitar os docentes para que aprendan a promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva |
| A3 | Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos |
| A4 | Proporcionar ás alumnas e aos alumnos recursos para fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles |
| A5 | Promover estratexias adecuadas para que na súa futura práctica docente as alumnas e alumnos poidan reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia |
| A6 | Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión |
| A7 | Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia |
| A9 | Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida |
| A10 | Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias |
| A11 | Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes |
| A12 | Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos |

| | |
|---|---|
| B1 | Capacidade de análise e síntese |
| B2 | Capacidade de organización e planificación |
| B5 | Coñecemento de informática |
| B6 | Capacidade de xestión da información |
| B7 | Resolución de problemas |
| B8 | Toma de decisións |
| B9 | Traballo en equipo |
| B11 | Habilidades nas relacións interpersoais |
| B12 | Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade |
| B13 | Razoamento crítico |
| B14 | Compromiso ético |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B16 | Adaptación a novas situacións |
| B17 | Creatividade |
| B18 | Liderado |
| B19 | Coñecemento doutras culturas e costumes |
| B20 | Iniciativa e espírito emprendedor |
| B21 | Motivación pola calidade |
| B22 | Sensibilidade por temas ambientais |

**Competencias de materia**

| Resultados de aprendizaxe | Competencias | |
|---|---|---|
| 1. Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa e situar a escola no sistema educativo español, no contexto europeo e internacional. | A1<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B12<br>B18<br>B20<br>B21 |
| 2.Coñecer a lexislación que regula as escolas de Educación Infantil e a súa estrutura e os modelos de organización do espazo en educación infantil. | A1<br>A3<br>A9 | B1<br>B6<br>B8<br>B13<br>B21 |
| 3. Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación, e saber ser flexible no exercicio da función docente. | A1<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B6<br>B7<br>B8<br>B12<br>B16<br>B18<br>B20<br>B21 |
| 4. Valorar a importancia da estabilidade e a regularidade no ámbito escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso harmónico e integral dos estudantes. | A1<br>A3<br>A4<br>A5<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B12<br>B13<br>B16<br>B17<br>B18<br>B22 |

| | | |
|---|---|---|
| 5. Planificación das secuencias de aprendizaxe e organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5<br>A7<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B11<br>B12<br>B17<br>B18<br>B21 |
| 6. Saber traballar en equipo con outros profesionais e colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do ámbito co fin de planificar secuencias de aprendizaxe e organizar situacións de traballo na aula e no espazo de xogo identificando as peculiaridades do período de 0-3 anos e de 3-6 anos. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B17<br>B18<br>B21 |
| 7. Ter unha imaxe realista de un mesmo, actuar conforme ás propias conviccións, asumir responsabilidades, tomar decisións e relativizar as posibles frustracións. | A1<br>A9<br>A10<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B13<br>B14<br>B17<br>B18<br>B20<br>B21 |
| 8. Tomar conciencia da complexidade dos procesos educativos en xeral e os procesos de ensinanza e aprendizaxe nas etapas obrigatorias do sistema educativo. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B17<br>B18<br>B21 |
| 9. Analizar e aplicar distintas estratexias metodolóxicas para organizar os espazos, materiais e tempos en función de diferentes modelos didácticos e das características e necesidades do alumnado. | A1<br>A2<br>A3<br>A5<br>A6<br>A7<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B11<br>B13<br>B14<br>B15<br>B17<br>B18<br>B21 |
| 10. Coñecer experiencias internacionais e exemplos de experiencias innovadoras en educación infantil e aplicalas na aula. | A1<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B12<br>B17<br>B18<br>B19<br>B21 |

| | | |
|---|---|---|
| 11. Participar na definición de proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de control de calidade. | A1<br>A3<br>A9<br>A11<br>A12 | B1<br>B2<br>B7<br>B8<br>B9<br>B13<br>B17<br>B18<br>B21 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1.- FUNDAMENTACIÓN CONCEPTUAL | 1.1.- A organización escolar.<br>1.2.- O centro como unidade organizativa: funcións directivas de xestión pedagóxica e administrativas.<br>1.3.- O centro e a comunidade educativa. |
| 2.- SUBSISTEMA AMBIENTAL/CONTEXTUAL | 2.1.- A estrutura do sistema escolar: características e niveis. |
| 3.- SUBSISTEMA DE PLANIFICACIÓN | 3.1.- Autonomia institucional.<br>3.2.- Formulacións Institucionais. |
| 4- SUBSISTEMA ESTRUTURAL | 4.1.- A estrutura organizativa.<br>4.2.- Organización dos recursos humanos.<br>4.3.- A organización dos recursos materiais.<br>4.4.- A organización dos recursos funcionais. |
| 6.- SUBSISTEMA DE DIRECCIÓN E LIDERADO | 6.1.- A dirección nas organizacións educativas.<br>6.2.- Os proxectos de dirección.<br>6.3.- Da dirección ao liderado. |
| 8.- ORGANIZACIÓN ESCOLAR DIFERENCIADA | 8.1.- Análise de experiencias de organización.<br>8.2.- Referencia de modelos e elementos estudados a centros de educación infantil. |
| 9.- A ORGANIZACIÓN ESCOLAR NO PRÁCTICUM | 9.1.- Achegas da Organización Escolar ao Prácticum. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 6 | 8 |
| Titoría en grupo | 10 | 11 | 21 |
| Seminarios | 10 | 20 | 30 |
| Traballos de aula | 12 | 24 | 36 |
| Sesión maxistral | 17 | 34 | 51 |
| Probas de tipo test | 2 | 2 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Esta sesión servirá para presentarlle aos estudantes a materia: competencias, contidos, planificación, metodoloxía, atención personalizada, avaliación e bibliografía. |
| Titoría en grupo | A través delas o profesor facilitará e orientará os estudantes no seu proceso formativo, podendo ser obxecto de atención calquera das facetas ou dimensións que inciden no mesmo (aspectos académicos, actitudinais, persoais, sociais...). Computa na avaliación continua. |
| Seminarios | A través dos seminarios abordaránse temas específicos, que permitan profundizar os contidos da materia. É dicir, utilizaranse como complemento das clases teóricas. Computan na avaliación continua. |
| Traballos de aula | Os estudantes, de forma individual ou en grupos, realizarán proxectos supervisados polo profesor. Computan na avaliación continua. |
| Sesión maxistral | A través desta metodoloxía farase a presentación dos temas loxicamente estruturados coa finalidade de facilitar información organizada seguindo criterios axeitados á finalidade dos mesmos. Consistirá na exposición verbal por parte do profesor dos contidos da Organización Escolar. Computa na avaliación continua. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Titoría en grupo | Durante a realización das metodoloxías de tutoría, estudo de casos e realización de proxectos, os mesmo que durante a realización de portafolios/dossieres e traballos; é dicir, durante o tempo en que se realizan estas actividades prestarase a atención adecuada aos estudantes ao obxecto de atender e resolver as súas dúbidas referidas á materia de organización do centro escolar. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Titoría en grupo | Durante a realización das titorías en grupo aténdese ao estudante na súa aprendizaxe segundo os seus perfís diferenciados e individualizados. No seu desenvolvemento realizarase unha avaliación continua e formativa empregando os procedementos de:<br>Observación (rexistros, listas de control, etc.) | Ata un 15 |
| Seminarios | Na avaliación desta actividade terase en conta a búsqueda de documentación, lecturas e intervencións realizadas. | Ata un 20 |
| Traballos de aula | Teranse en conta os seguintes criterios:<br>1. Aspectos formales (15%)<br>2. Calidade dos traballos (70%)<br>3. Exposición oral e resposta as preguntas plantexadas (15%) | Ata un 20 |
| Sesión maxistral | Como actividade avaliadora ten por obxecto avaliar as actividades e tarefas realizadas durante a súa execución. Para iso empregaranse os procedementos de:<br>Preguntas intercaladas durante o desenvolvemento da lección.<br>Técnicas de autoavaliación.<br>Informes sobre actividades realizadas. | Ata un 25 |
| Probas de tipo test | Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Para aprobar é necesario obter o 60% das respostas correctas. | Ata un 20 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota final da materia ten dous compoñentes:
1º.- A/s puntuación/é obteniudas polo traballo realizado durante o curso (AVALIACIÓN CONTINUA)
2º.- A cualificación obtida na PROBA DE RESPOSTA CURTA (exame)
Aínda que, para superar a materia a nota do exame ten que ser, como mínimno, un 60% do valor da mesma
No caso de non superar a materia na primeira convocatoria, a nota da AVALIACIÓN CONTINUA manterase para a segunda convocatoria**Con independencia da súa asistencia ou non ás clases, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación**

De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

No seguinte enlace pódese consultar día/hora/lugar do examen (apartado *datas exames*):

http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php

## Bibliografía. Fontes de información


A. I. Pérez Gómez, **La cultura escolar en la sociedad neoliberal**, Morata, 1998,

A. Cid Sabucedo, **Macroorganización Escolar. El sistema educativo, estructura y características**, Departamento de Didáctica e Organización Escolar, 1996,

I. Cantón Mayo, **Las organizaciones escolares: hacia nuevos modelos**, FUNDEC, 2000,

Mª T. González González (Coorda), **Organización y getión de centros escolares**, Prentice-Hall, 2003,

M. Lorenzo, **Organización scolar. La construcción de la escuela como organización**, Ediciones Pedagógicas, 1995,

A. Cid Sabucedo, **Los proyectos de dirección.**, Aurea, 2000,

A. Cid Sabucedo, **El clima escolar**, Tórculo,2002,

J. Gimeno Sacristan, **El valor del tiempo en educación**, Morata, 20089,

J. Gimeno Sacristan, **El sistema educativo. Una mirada crítica**, CISS-Praxis-Cuadernos de Pedagogía, 2004,

M. A. Zabalza Beraza, **La calidad de la educación infantil**, Narcea, 2005,

Mª L. García Rodríguez, **Organización de la educación infantil**, Escuela Española, 1996,

C. Grau Rubio, **Educación Especial. De la integración escolar a la escuela inclusiva**, Promolibro, 1998,

L. Selmi y A. Turrina, **La escuela infantil a los tres años**, Morata/MEC, 1998,

L. Selmi y A. Turrina, **La escuela infantil a los cuatro años**, Morata/MEC, 1998,

L. Selmi y A. Turrina, **La escuela infantil a los cinco años**, Morata/MEC, 1998,

M. A. Zabalza Beraza (Dir), **A Educación Infantil en Galicia**, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1998,

A. Cid Sabucedo, **Practicum I: Prácticas de observación y de Investigación. Aplicación sobe el contexto donde se realiza la enseñanza**, Copytema, 1996,

G. Thurles y O. Maulini, **La organización del trabajo escolar: una oportunidad para repensar la escuela**, Graó, 2010,


Ao tratar cada tema facilitarase a bibliografía específica.

## Recomendacións

**Outros comentarios**

Tendo en conta que os contidos desta materia son obxecto constante de opinións, comentarios, debates, decisións, desde os ámbitos político, administrativo, económico e social, sería conveniente para poder estar ao día a lectura de, entre outras, as revistas Comunidad Escolar (http://comunidad-escolar.pntic.mec.es/854/portada.html) e Participación Educativa (http://www.educacion.es/cesces/revista/presentacion_revista.htm), así como dalgún xornal.